

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE FEBREIRO DE 2023

Ás 10:00 horas do día 23 de febreiro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 20 de febreiro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2a e 6a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 7a, 11c e 11d)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 8a, 9a, 10a e 11a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos / 6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de diverso material consumible informático (10018-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre único (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo do subministro		
		Grupo I do punto 4 do PPTP un (nº) %	Grupo II do punto 4 do PPTP un (nº) %	Grupo III do punto 4 do PPTP un (nº)
1	FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.	35,00 %	30,00 %	30,00 %
2	OTEMAR 2020, S.L.L.	12,50 %	12,50 %	12,50 %
3	TEDITRONIC, S.L.	5,00 %	10,00 %	12,00 %
4	VASCO INFORMÁTICA, S.L.	15,00 %	5,00 %	5,00 %

Asiste á apertura D^a. Marina Alonso González, con DNI **. **0.48*-* , en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. FALCONIX SOLUCIONES, S.L.U.
2. OTEMAR 2020, S.L.L.
3. TEDITRONIC, S.L.
4. VASCO INFORMÁTICA, S.L.

Por outro lado, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, excluír da presente licitación a SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L. por non axustarse a súa proposición ao modelo de oferta do PCAP tal e como establece a cláusula 14.2 do PCAP e o artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. En concreto, os puntos 3, 4 e 5 do devandito modelo din o seguinte:

- "3.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo I do punto 4 do PPTP un(nº) %.
- 4.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo II do punto 4 do PPTP un(nº) %.
- 5.- Propón coma porcentaxe de redución do prezo unitario dos consumibles que conforman o Grupo III do punto 4 do PPTP(nº) %."

A licitadora, en lugar dunha porcentaxe a aplicar por Grupo, inclúe tres táboas nas que propón unha porcentaxe por cada un dos elementos que conforman cada un dos grupos, apartándose así, como se indica máis arriba, do modelo de oferta e no sendo posible, en consecuencia, a súa valoración.

Finalmente, a Mesa acorda, tamén por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do contorno do calexón Balado" (1368-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións do 17 de febreiro de 2023, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L., por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 1)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 6 de febreiro de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 3 de febreiro de 2023, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

Durante o prazo concedido, o devandito licitador presentou a documentación requirida da se lle deu traslado ao responsable do contrato.

O 14 de febreiro de 2023 o xefe da Área de Benestar Social emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"para os efectos do disposto no Art. 149 da LCSP e sen prexuízo do superior criterio da Mesa de Contratación e do órgano de contratación (XGL), o técnico que subscribe considera xustificada a baixa do 20,44% ofertada polo licitador "OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L." (CIF B-70493275) no procedemento de contratación tramitado no expediente de referencia."*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación aceptar a xustificación das baixas con valores anormais ou desproporcionados presentada por OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co/s licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 14 de febreiro de 2023 de valoración do sobre C *"proposición evaluable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 1)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de xaneiro de 2023, de NASCOR FORMACIÓN, S.L.U. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 23 de febreiro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADOR	TOTAL PUNTUACIÓNS LICITADORES
1º	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	72,25 PUNTOS
2º	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	70,55 PUNTOS
3º	FICTIONS	46,92 PUNTOS

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. (B70493275), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) (Lote 3)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
 - Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos incluídos no «PROGRAMA DE AVELLANTAMENTO ACTIVO DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL: «VIGO, CIDADE AMIGA DOS MAIORES», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 100 e 56), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 30.11.2022 (trámite n.º119), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59-60) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 117.2 da LCSP (L.9/2017) e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato, 403.440,72 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación n.º 2310.226.09.02 ("Vigo, cidade amiga dos maiores") dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):

LOTE I:

- 2023: 161.427,36 €
- 2024: 161.427,36 €

LOTE II:

- 2023: 23.353 €
- 2024: 23.353 €

LOTE III:

- 2023: 16.940 €
- 2024: 16.940 €

CUARTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) na seguinte orde:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Baixa en %
1	AUTOS GONZALEZ, S.L.	15,40 %
2	EMPRESA VIUDA DE J. DOMINGUEZ, S.L.	3,16 %
3	AUTOCARES IGLESIAS, S.L.	3,00 %
4	AUTOMÓVILES DE TUY, S.A.	2,60 %

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AUTOS GONZALEZ, S.L., o día 6 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 16 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AUTOS GONZALEZ, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AUTOS GONZALEZ, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 1 de febreiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) por un prezo máximo do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.080,00 euros e cunha porcentaxe de desconto do 15,40 % a aplicar ao prezo unitario (sen IVE) de prezo quilómetro previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

b) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 9 de febreiro de 2023, se concedeu un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC , para que puidesen emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, o 17 de febreiro de 2023 a documentación requirida.

Á vista do anterior a Mesa formula ao órgano de contratación a seguinte proposta:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de PRESTACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COA CIDADE DE LONDRES (ANOS 2023-2025)

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 10/11/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que reixerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 16/11/2022.

Terceiro: Autorizar a tramitación de este expediente como anticipado de gasto de acordo co previsto no artigo 117.2 da LCSP e na Base de Execución do Orzamento Xeral Municipal Nº 29.

Cuarto: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 1.869.450,00€ con IVE, sendo o IVE 324.450,00€.

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2279902 "PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINO RUTAS AÉREAS" do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2023, 2024 e 2025. Co seguinte desglose de anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE (CON IVE)
ANO 2023	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2024	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2025	515.000,00€	623.150,00€
<i>Total Orz. Licit.</i>	<i>1.545.000,00€</i>	<i>1.869.450,00€</i>

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de xaneiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) na seguinte orde descendente:

	NOME DA EMPRESA	TOTAL PUNTUACIÓN
1	RYANAIR DAC	91,5 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC (N0072244G), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR DAC, o día 23 de xaneiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 9 de febreiro de 2023 acordou conceder un prazo de 3 días ao devandito licitador para que puidesen emendar a documentación presentada e, este, durante o prazo concedido a documentación en data 17 de febreiro de 2023.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar RYANAIR DAC, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por RYANAIR DAC, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 de xaneiro de 2023 e 16 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a RYANAIR DAC (N0072244G) o procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo a través da súa conectividade aérea directa coa Cidade de Londres (anos 2023-2025) (8283-104) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 1.815.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 315.000,00 euros.*
- b) *Propón o seguinte número de prazas nas frecuencias aéreas coa cidade de LONDRES que non están comercializadas na data de publicación do anuncio de licitación:*
 - *19.700 prazas para o ano 2023.*
 - *25.400 prazas para o ano 2024.*
 - *27.000 prazas para o ano 2025.*
- c) *Propón un incremento do número de frecuencias aéreas semanais sobre o mínimo establecido na terceira anualidade do contrato:*
 - *3 frecuencias na temporada de inverno.*
 - *3 frecuencias na temporada verán.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBERTA NO CEIP XAVIER SENSAT", redactado polo arquitecto D. Javier Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Xefa do Servizo de Contratación con data 19 de agosto de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL NOVECENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (365.958,93 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 63.513,53 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN PATIOS DE COLEXIOS, COOFINANCIADO DEPUT), proxecto de gasto 21323008.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	325.000,00 €
2023	40.958,93 €
TOTAL	365.958,93 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de xaneiro de 2023 de aceptación da xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por PROSEMA NOROESTE, S.L e de exclusión deste procedemento de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira industrial, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o técnico de administración xeral os días 12 e 16 de xaneiro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,07
2	PROSEMA NOROESTE, S.L.	86,07
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A	85,01
4	ORECO BALGON, S.A.	82,40

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 6 de febreiro de 2023, que presenta a documentación requirida o 13 de febreiro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de novembro de 2022 e 16 de xaneiro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de febreiro de 2023, de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por conter as súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ao non cumprir os requisitos necesarios a xustificación presentada, consonte ao informe asinado pola enxeñeira industrial, o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e o técnico de administración xeral os días 12 e 16 de xaneiro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B36684157) o procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441) por un importe total de 312.016,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 54.151,64 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio no CEIP Friar-Teis" (1338-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 9 de febreiro de 2023 notificouse ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOTEGA NOROESTE, S.L., a resolución de clasificación xunto co requirimento de documentación. Dentro do prazo concedido, o 20 de febreiro de 2023, o licitador presentou a documentación. Logo da súa revisión, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a SOTEGA NOROESTE, S.L.C para que poida emendar a seguinte documentación:
 - Solvencia técnica: segundo a cláusula 8.4.4º do PCAP "Acreditarase, alternativamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.D das FEC se determinen outros distintos: > Certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados no curso dos cinco últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao prezo do contrato.> Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.B."

En concreto, a licitadora presenta catro certificados de traballos realizados no ano 2022, con todo, un dos certificados, o do Concello de Ólvega referido á reforma dunha piscina municipal non se adecúan plenamente ao subgrupo de clasificación indicado no apartado 5.B do Anexo I (FEC) do PCAP (artigo 81.3 LCSP). Descartado este certificado, a suma dos tres restante non acadan o importe necesario para xustificar a solvencia técnica necesaria neste procedemento, polo que deberán aportar nova documentación a maiores para a súa acreditación.

14.- Dar conta da resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (26210-332)

Dáse conta da resolución nº 29/2023, do 16 de febreiro de 2023, do Tribunal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - (MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL) 24/02/2023 10:07:57 | INTERVENTORA ADXUNTA - (OLGA GÓMEZ CORBAL) 24/02/2023 10:52:51 | TÉCNICO MEDIO
SERV.ECONÓMICOS - (PABLO VARELA BALLESTEROS) 24/02/2023 13:40:46 | XEFE SERVIZO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA - (ANTONIO VILLANUEVA GUIMERANS) 24/02/2023 14:09:58 | TÉCNICA DE XESTION - (RUTH
MARÍA GALLEGO SANTOS) 27/02/2023 10:15:17 | XEFE AREA BENESTAR SOCIAL - (JESÚS NUÑEZ-TORRON LÓPEZ) 27/02/2023 10:51:51 | TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL - (MARÍA DOLORES SOTELO GALLEGO)

Documento asinado

Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestiman os recursos interpostos, respectivamente, pola CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (recurso 16/2023) e pola ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESA DE LIMPEZA -ASPEL- (recurso 17/2023) contra os pregos da contratación para a prestación do servizo de limpeza nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo, expediente 26210-332. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 23 de febreiro de 2023.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:26	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA346-52E186-C78FE1-VS5KFC-Z1VYUE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		